



Avisos.

* COMIDA BENÉFICA DE NADAL

O Concello organiza o día 24 de decembro unha comida para todas aquelas persoas maiores que, por distintas circunstancias, teñan que cear soas o día de Noiteboa.

O festexo celebrarase na residencia o sábado 24 ás 13:30 horas e contará con voluntarios para a súa realización. Contará con servizo de transporte para traelos e volvelos deixar nas súas casas.

Todas aquelas persoas maiores interesadas poderán apuntarse no Centro de Maiores, no Concello ou chamando ó teléfono 981516020 antes do día 19.

Agradecemoslles que colaboren connosco e nos digan se coñecen a alguén que se atope nestas circunstancias para que poida pasar este día sinalado en compañía.

Todos aqueles interesados en colaborar como voluntarios poderán poñerse en contacto coa organización do evento no Concello ou no teléfono 981516020.

*A Asociación de mulleres Rurais Anduriña de Boimorto en colaboración co Concello organiza un **Curso de cociña para homes e mulleres**, os venres á noite, que comezará o 13 de xaneiro; o custo sera de 15€ o mes. Máis información e para anotarse chamar o 608 642 539 a partir da 17h ou nas oficinas do Concello.

Deportes.

***Programa de Termalismo Social do Concello:** como ven sendo habitual nestes últimos anos, o concello porá en marcha no mes de xaneiro o seu programa particular de Termalismo, consistente nunha xornada un día pola tarde para ir a un balneario a beneficiarse das augas termais e tamén do seu circuito. O balneario e a data de comezo están aínda sen determinar. Poderán ir un máximo de 25 persoas cada xornada. Máis información no próximo boletín de xaneiro ou nas oficinas do concello nas vindeiras semanas.

***Patinaxe na Pista de Xeo na Coruña:** o sábado 21 de xaneiro realizarase a excursión á pista de xeo. O número de prazas é de 25, que serán cubertas por

orde de inscrición. A hora de saída é as 10:00 dende o colexio e a de regreso sobre ás 14:15. Máis información no boletín posterior de xaneiro.

***Liga Fútbol Sala do Deporte Escolar:** o sábado 26 de novembro dará comezo a competición de fútbol sala do deporte escolar. Boimorto irá xogar fora contra o equipo de Trazo. O resto de xornadas é o seguinte: 3 de decembro Boimorto vs. O Pino; 14 de xaneiro Frades vs. Boimorto; 28 de xaneiro Boimorto vs. Ordes; 4 de febreiro Mesía vs. Boimorto; e por último o 18 de febreiro Boimorto vs. Toques.

***Liga de Tiro con Arco:** as escola de tiro con arco de Boimorto participa nesta Liga representada por dous equipos. A primeira xornada tivo lugar o sábado 19 de novembro no polideportivo da Sardiñeira na Coruña. A vindeira cita terá lugar o 17 de decembro en Lugo. No mes de xaneiro iremos competir ó veciño de Arzúa o día 21. Nesta Liga participan 8 equipos, dous de Boimorto, dous de Lugo, un de Laracha, un de Ordes, un de Coruña e un de Carral.

***Excursión á neve:** entre o domingo 29 de xaneiro e os domingos do mes de febreiro terá lugar a excursión a unha estación de esquí para practicar este deporte. A data está aínda sen concretar porque vai a depender en gran medida das condicións de neve que teña a estación coma tamén da previsión meteorolóxica. Haberá máis información en próximos boletíns.

***Campionato Galego de Mushing Terra (carreiras con cans) 2011:** os días festivos 6 e 8 de decembro terá lugar en Boimorto o Campionato Galego de Mushing. Invitamos a todos os amantes do deporte e dos animais a que gocen en directo deste espectáculo deportivo. O circuito é o mesmo que o da carreira popular pero con algunha modificación, pois só pode haber un máximo dun 10% de asfalto. Participarán tamén equipos doutras comunidades autónomas. A competición dará comezo eses días ás 11 da mañá.

Cultura.

* **Cea de Nadal:** venres 16 de decembro, gran cea-baile de Nadal para todos os veciños/as. Este ano no Concello pensamos en celebrar unha xuntanza popular para celebrar estas datas tan importantes para todos, haberá cea a cal estará amenizada por un

dúo musical. Data límite para apuntarse 12 de decembro no Concello ou 981 516 020. Custe 20 €.

***Cabalgata de Reis 2012.** xoves 5 de xaneiro, ás 16:30 Obradoiro de Nadal para os máis pequenos, no Polideportivo. Se o permite o tempo os reis visitarán as parroquias do Concello e ás 18:00 horas, achegaranse ao Polideportivo Municipal con agasallos para todos os nenos/as.

***Concurso de postais e felicitacións de Nadal,** prazo de entrega o 15 de decembro.

Concurso de postais: para todos os alumnos/as do CPI Armando Cotarelo Valledor; 1º premio: Nintendo Wii + xogo; 2º premio: bicicleta (as postais entregaranse ao titor/a)

***Concurso de felicitacións de Nadal:** para o resto de veciños/as deste Concello; premio: unha cámara de fotos dixital. (as felicitacións enviaranse a cultura@boimorto.es ou entregalas no Concello)

Bases no colexio, no 981516020 ou na web

***Cine**

Terceira fin de semana: Domingo 18 de decembro

-Ás: 17:00 proxección de película infantil.

-Ás 19:00 proxección de película xuvenil-adultos.

***Feira:** na feira do mes de decembro (3 de decembro) contaremos cunha feira de mobles de 2ª man onde poderanse mercar mobles a un baixo Prezo.

***VIII Certame de Cantares de Reis,** animamos aos veciños/as a formar cuadrillas e que animen a xente a que preparen un cantar de cara a participar neste Certame. O certame terá lugar o sábado 7 de xaneiro de 2012 pola tarde, no polideportivo municipal. Pola mañá haberá actuacións das cuadrillas por diferentes puntos do Concello e dos concellos limítrofes. Para as cuadrillas do certame ofrecerase un xantar de confraternización.

***CURSO DE MONITOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE.**

Características: **monitor de actividades de tempo libre** (homologado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia) e **iniciación ás técnicas artísticas no tempo libre** (Título acreditativo).

No caso de haber 15 alumnos o prezo sería de 385,00€ e no caso de haber 25 alumnos 230,00€.

***CURSO PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN ESO.**

Para todas aquelas persoas interesadas en obter o título de graduado na ESO. Deberá haber un mínimo de 12 alumnos para poder realizar o curso.

O curso realizarase dous días á semana dúas horas cada día. É semipresencial, isto implica levar traballo para a casa.

Prepararase ó alumno para a obtención do título de graduado na ESO. Isto suporá un custe de 20€ de matrícula e 40€ mensuais durante 8 meses. Este prezo inclúe material, clases e matrícula.

Servizos Sociais

***O Concello dispón dunhas existencias de cereais "Blevit" para bebes a partir de 5 meses.** As familias interesadas deberán falar cos Servizos Sociais do Concello. (981 51 60 75).

Urbanismo

*** Infórmaselles aos veciños que a disposición Transitoria Terceira da "Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia." Ao respecto das obras ilegais di literalmente:**

"Sen prexuízo do disposto no artigo 213º.1 desta lei, as edificacións e construcións realizadas sen licenza ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorrese o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental, quedarán incorporadas ao patrimonio do seu titular e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2 dela, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado.

Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei de modificación, o propietario ou a propietaria haberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, para o que achegará anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o planeamento vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas e volume, así como certificación técnica de solidez e seguridade.

Cando a edificación estea localizada en solo rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais, segundo esta lei, será necesario obter o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo."